



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do "Proxecto de Modernización do desaugue de fondo da presa do Eume" presentado pola empresa Endesa Generación S.A., con clave 2011/007,

EXPÓN:

Que o proxecto desenvolveríase íntegramente dentro do espazo natural "Fragas do Eume" incluído na Rede Natura 2000 (LIC ES1110003) e declarado Parque Natural (Decreto 218/1997, DOG nº 153 do 11-08-1997) e afectaría a unha das súas zonas de maior interese, cualificada como Zona de reserva natural no seu Plan de Ordenación dos Recursos Naturais (Decreto 211/1996, DOG nº 110 de 05-06-1996).

Que o proxecto entra no ámbito da Lei de Avaliación Ambiental de proxectos de acordo co artigo 3.2 do Real Decreto Legislativo 1/2008 (BOE nº 23 de 26-01-2008).

Que no proxecto conflúen 10 dos 17 "criterios de selección" para que o "órgano ambiental" decida someter a avaliación de impacto ambiental aos proxectos que "poidan afectar directa ou indirectamente aos espazos da Rede Natura 2000" (Real Decreto Legislativo 1/2008; véxanse artigo 3.2 e anexo III):

1. Características dos proxectos: As características dos proxectos deberán considerarse, en particular desde o punto de vista de:
 - c. A utilización de recursos naturais.
 - d. Xeración de residuos perigosos.
 - e. Contaminación e outros inconvenientes.
2. Ubicación dos proxectos: a sensibilidade medioambiental das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos deberá considerarse tendo en conta, en particular:
 - b. A relativa abundancia, calidade e capacidade rexenerativa dos recursos naturais da área.
 - c. A capacidade de carga do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:
 3. Áreas de montaña e de bosque.
 4. Reservas naturais e parques.
 5. Áreas clasificadas ou protexidas pola lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas, áreas de especial protección designadas en aplicación das Directivas 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, e 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992.
 6. Áreas nas que se teñan rebasado xa os obxectivos de calidade medioambiental establecidos na lexislación comunitaria.
 8. Paisaxes con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica.



SOLICITA:

Que o proxecto se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre:
 - a. Hábitats de conservación prioritaria na UE (DC 92/43/CEE) e, consecuentemente, adapte o proxecto para evitalos totalmente pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/45/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto desta natureza.
 - b. Hábitats de interese comunitario (DC 92/43/CEE) e estudie alternativas para minimizalos canto sexa técnica e ambientalmente posible.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre TODAS as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, na Directiva 92/43/CEE, no *Catálogo Español de Especies Amenazadas* (Real Decreto 139/2011) e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) presentes na zona e contemple a adaptación do proxecto para evitalas totalmente no caso de especies de interese comunitario e/ou en perigo de extinción, pois non existen razóns imperiosas de interese público de primeiro orden (artigo 6 da DC 92/45/CEE, artigo 45 da Lei estatal 42/2007) para que sexan afectados por un proxecto desta natureza, ou para mitígalas no caso das restantes especies catalogadas.
3. Avalíe con detalle e rigor as afeccións sobre o estado químico (pH, DBO, DQO, concentracións de nitróxeno, fósforo e metais pesados) e biolóxico (coliformes fecais, flora, invertebrados e vertebrados acuáticos) das augas do río Eume e da Ría de Ares.

En Santiago de Compostela, a 19 de xullo de 2011

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto